

Campamentos de verán
específicos para
persoas con
discapacidade

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2015

Permiten gozar, durante 10 días, dunha estadia socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades que este ano estarán dirixidas especialmente ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa terra, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Destinos, idades, datas e prezo

| DESTINO | IDADE | DATAS | PREZO |
|---|---|------------------------|-------|
| Albergue Xuvenil de Gandarío Bergondo-A Coruña. |  de 11 a 14 anos | do 1 ao 10 de agosto | 125€ |
| | de 15 a 18 anos | do 11 ao 20 de agosto | |
| | de 19 a 25 anos | do 11 ao 20 de agosto | |
| | de 26 a 40 anos | do 20 ao 29 de agosto | |
| Residencia de Tempo libre Pantón. Nigrán. Pontevedra. | de 11 a 14 anos | do 1 ao 10 de xullo | 125€ |
| | de 15 a 18 anos | do 1 ao 10 de xullo | |
| | de 19 a 25 anos | do 1 ao 10 de setembro | |
| | de 26 a 40 anos | do 1 ao 10 de setembro | |

Requisitos

- Ter recoñecida unha discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima á súa finalización
- Estar empadroados nalgún concello de Galicia.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

Servizos ofertados

- Aloxamento en albergue ou residencia, segundo o destino solicitado.
- Manutención en réxime de pensión completa.
- Programa de actividades de animación sociocultural.
- Material necesario para a actividade.
- Equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Persoas destinatarias

As que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos e presenten calquera tipo de limitación e / ou necesidade especial.

Modelo de solicitude e de informe médico

A solicitude e o informe médico formalizarase nos impresos oficiais e terán que estar asinadas polos pais/nais ou titores das persoas con discapacidade e polo persoal médico, segundo corresponda. Estes impresos están a disposición das persoas interesadas na páxina web: <http://benestar.xunta.es/web/portal/campamentos-veran->

Prazo e lugares de presentación de solicitudes

Ata o 10 de xuño incluído.

As solicitudes, acompañadas da documentación requirida, presentaranse por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e dirixiranse á:

Consellería de Traballo e Benestar.

Secretaría Xeral de Política Social.
Edificio administrativo San Caetano, s/n.
15781 Santiago de Compostela.

Custo da praza e bonificación

As persoas participantes deberán ingresar a cantidade establecida, nos termos que se lle indiquen ao notificarlle a concesión da praza.

Ese importe pódese reducir nun 50% se a persoa ten o título de familia numerosa e nun 25 % se ten o carné xove. Estes descontos non serán acumulables en ningún caso.

No caso de acollerse a algunha destas dúas condicións terase que acompañar coa solicitude o documento acreditativo (fotocopia do título de familia numerosa ou do carné xove, segundo proceda).

Adxudicación e confirmación de asistencia

As solicitudes serán valoradas por unha comisión composta por representantes da Secretaría Xeral de Política Social e terán prioridade as persoas que:

- Non participaran neste programa en anos anteriores.
- Residan habitualmente no domicilio familiar fronte ás que estean acollidas en centros residenciais.
- Pola súa idade, este sexa o último ano que poden participar nun campamento deste tipo.

No caso de empate, a adxudicación farase por sorteo.

As persoas seleccionadas comunicarán no prazo máximo de 10 días naturais, contados desde o seguinte ao da recepción da notificación, a aceptación ou renuncia da praza no modelo que se lles facilita e, no caso de aceptala, acompañarán o xustificante de pagamento do importe que se lle indicou xunto coa copia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado e un informe médico actualizado, se houbera cambios significativos no seu estado de saúde desde que presentou a solicitude ou se precisara algunha atención especial non reflectida anteriormente.

Ningunha persoa se poderá incorporar á quenda concedida se non ten cumpridas as condicións indicadas nos dous apartados anteriores.

Comezo e remate da estadia

A incorporación á instalación na que se vai levar a cabo o campamento será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16.00 horas e as 19.00 horas; fóra dese horario non se admitirá a ninguén.

Ao remate da quenda, ou no suposto de abandono da actividade antes de que finalice, será responsabilidade dos pais/nais ou titores/as legais a recollida e traslado da persoa participante ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.

Obrigas das persoas participantes

- Incorporarse á actividade e regresar polos medios e nos prazos establecidos.
- Non abandonar a actividade sen a autorización por escrito da persoa responsable.
- Respetar as normas establecidas polo persoal responsables da actividade, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.

- Abandonar a actividade acompañado dos seus responsables, no caso de non adaptarse ás condicións que se requiren para o desenvolvemento do campamento, tanto as derivadas da actividade en si como as da súa propia actitude, ou de darse circunstancias que impidan o transcurso da estadia co resto dos compoñentes do grupo.

Devolución de cotas

1. Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste, no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade pagada polo menos dez días naturais antes do inicio da actividade, ou cando, por causas non imputables á persoa interesada, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.
2. Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no punto anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude de devolución de cota.
3. Cando unha persoa abandona a estadia, calquera que sexa o motivo, non terá dereito a ningún tipo de devolución do importe abonado.

Información



Para información xeral pódense dirixir a:

- o número **900 333 666** do **Teléfono Social** de forma gratuíta.

- Os **servizos de Dependencia e Autonomía Persoal** das xefaturas territoriais situados en:

A Coruña

Rúa Concepción Arenal, nº 7-9 - 15006 A Coruña. Teléfono 881 881 528.

Lugo

Rúa Serra de Ancares, nº 68 baixo - 27003. Lugo. Teléfono 982 889 132.

Ourense

Rúa Sáenz Díez, nº 33 - 32003 Ourense. Teléfono 988 386 178.

Vigo

Rúa Concepción Arenal, nº 8, 1º andar - 36201 Vigo. Telf.: 986 817 217.

- Os **servizos de Xuventude e Voluntariado** das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.
- Os servizos sociais comunitarios dos concellos.
- Os servizos sociais dos centros sanitarios.
- Para información sobre a **xestión do programa, remisión de documentación, valoración de solicitudes e adxudicación de prazas** ao Servizo de Prevención da Dependencia da Secretaría Xeral de Política Social, teléfonos: 981 547 437 e 981 544 640, 981 547 391.
- Para información sobre as **instalacións** nas que se desenvolve o programa pode consultar a páxina web <http://benestar.xunta.es/web/portal/campamentos-veran> ou dirixirse directamente ás propias instalacións.